

Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE 2017. EXPTE. 4339/2017.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA.
D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
D^a. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 31 de xullo de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario Accidental, José Vivero Russo, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D^a. Maria Isabel Rodríguez López e D. Emilio Villarrea Méndez.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O DÍA 17-07-17.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión do día 17 de xullo de 2017.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

EXPTE. 3712/2017.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Juan Carlos Polo Fernández para executar obras de carpintería e pintura, colocación de tarima flotante e pintura de paredes de local sito na rúa García Doriga, esquina Pastor Diaz no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353110PJ1335S.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.
- Presuposto de execución das obras.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo é urbano consolidado. A edificación donde se pretenden realizar as obras está situada no nº 1 da rúa da García Dóriga, no Casco Histórico de Viveiro. A parcela corresponde coa referencia catastral 3353110PJ1335S. As obras a realizar son traballos de carpintería e pintura interior consistentes en colocación de tarima flotante e pintado de paredes de local. Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística aplicable e coa normativa técnica aplicable.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Os artigos 142.2, letra b) LSG e 351.1, letra b) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza. Na solicitude non se alude a ningunha actividade a desenvolver no mencionado local.

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exixibles nos termos da lexislación sectorial vixente. Non resultan precisas autorizacións e/ou informes sectoriais, segundo se deduce do informe dos servizos técnicos que consta no expediente.

O informe dos servizos técnicos municipais constata a adecuación do acto pretendido a lexislación e ao planeamento urbanísticos (o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. No ámbito do solo urbano do casco antigo de Viveiro tal planeamento é PEPRI do casco antigo de Viveiro).

Concello de Viveiro

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. Juan Carlos Polo Fernández, licenza municipal para executar obras de carpintería e pintura, colocación de tarima flotante e pintura de paredes de local sito na rúa García Doriga, esquina Pastor Díaz no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353110PJ1335S.

Segundo.- As condicións ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

-A autorización municipal non abrangue o desenvolvemento de actividade ningunha no mencionado local.

-De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia, así como para a instalación de andamiaxe.

Terceiro.- Condicións xerais da licenza

1

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución

Concello de Viveiro

das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

EXPTE. 2534/2017.- REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN PREVIO A ADXUDICACIÓN DE CONTRATO.

Vistos os antecedentes do expediente para a contratación denominada “*Servizo de mantemento de ascensores do Concello de Viveiro*”. (Expte. CT 7/2017).

Vistas as actas da Mesa de Contratación municipal correspondentes ás sesións de 11 de maio, 2 e 6 de xuño e 19 de xullo de 2017, nas que se desenvolveron diferentes trámites legais do procedemento.

Visto que na sesión levada a cabo pola Mesa de Contratación de 19 de xullo de 2017 déronse conta dos antecedentes máis inmediatos deste expediente, segundo o seguinte detalle:

1. Que na Mesa de Contratación de 6 de xuño de 2017 detectouse baixa desproporcionada na mellor das ofertas presentadas, ofrecida pola empresa “*Thyssenkrupp elevadores S.L.U*”, por importe de 15.000 €, IVE incluído, durante os tres anos de vixencia do contrato, decidindo darlle audiencia para a súa xustificación, con base nos artigos 152.3 e 4 TRLCSP.
2. Que se requiríu á empresa ofertante mediante notificación asinada pola Alcaldesa o 12 de xuño de 2017, para que xustificase a baixa desproporcionada.
3. Que a empresa licitadora presentou xustificación segundo documento presentado o 19 de xuño de 2017 (registro de entrada 3741).
4. Que a Técnica da Oficina de Rehabilitación emitíu informe relativo á baixa desproporcionada o día 11 de xullo de 2017.

Visto que na referida sesión da Mesa de Contratación de 19 de xullo de 2017 a Técnica da Oficina de Rehabilitación, D^a. Irene Fernández Cora, explicou o contido do seu informe, que, no seu punto 5, sinala expresamente o seguinte:

“En vista da xustificación presentada pola empresa Thyssenkrupp, así como pola escasa entidade da diferenza de importe pola que incurríu en baixa desproporcionada, e tendo en conta a prestación do servizo a risco e ventura, en todo o caso, da empresa, ó que se fai referencia así mesmo na declaración responsable que presenta, considérase adecuada a xustificación presentada por parte da empresa.”

Concello de Viveiro

Con base na decisión adoptada pola Mesa de Contratación municipal na sesión de 19 de xullo de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1

Primeiro.- Aceptar a xustificación da baixa desproporcionada da oferta económica presentada pola empresa “*Thyssenkrupp elevadores S.L.U.*”, por importe de 15.000,00 €, IVE incluído, durante os tres anos de vixencia do contrato, cun importe anual de 5.000 €, IVE incluído, propoñéndoa como adxudicataria do contrato.

Segundo.- Requirir á empresa “*Thyssenkrupp elevadores S.L.U.*” os documentos previos á adxudicación do contrato, contemplados na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador do procedemento, outorgándolle para os devanditos efectos un prazo de *cinco días hábiles*.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para efectuar o citado requirimento de documentación e dar continuidade ao expediente ata a súa conclusión.

4.- CONCESIÓNS DE SUBVENCIONS.

EXPTE. 4459/2017.- CONVENIO ASOCIACIÓN BÁGOAS DA TERRA.

Vista a proposta da Alcaldía para aprobación do Convenio coa Asociación “Bágoas da Terra”, ano 2017, xuntando modelo de convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e a Asociación “Bágoas da Terra”, ano 2017, para a concesión da subvención nominativa.

Visto o informe de Intervención, de carácter favorable, no que se recolle que se trata dun convenio de colaboración polo que se concede unha subvención nominativa para a realización das actividades descritas no corpo do Convenio da Asociación “Bágoas da Terra”, sinalando que a aplicación orzamenaria para a cantidade proposta de 12.000,00 euros é a 3340-48906, manifestando a existencia de dita consignación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención nominativa á Asociación “Bágoas da Terra” para o exercicio 2017, por importe de 12.000,00 euros, nos termos recollidos no modelo de convenio que acompaña á proposta da Alcaldía.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos de proceder á sinatura do referido convenio.

Concello de Viveiro

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo o Departamento de Tesourería ós efectos do acordado no punto segundo e ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento.

5.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 1001/2017.- CERTIFICACIÓN DE OBRA Nº 1 E FINAL.

Vista a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: “*Reposición de firme e mellora dos servizos urbanos nos viais de acceso ao colexio e á igrexa parroquial de Covas*”, por importe de 50.594,84 euros, IVE incluído, a abonar ó adxudicatario (Carferlo S.L.), fiscalizada de conformidade por Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: “*Reposición de firme e mellora dos servizos urbanos nos viais de acceso ao colexio e á igrexa parroquial de Covas*”, por importe de 50.594,84 euros, IVE incluído, a abonar ó adxudicatario (Carferlo S.L.).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Contratación para o seu coñecemento e efectos.

6.- PROPOSTAS DE GASTOS.

Vista a proposta de gasto presentada polo Concelleiro, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, co número de expediente: EXPTE. 4474/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización do referido gasto.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ó concelleiro propoñente da proposta de gasto aprobada.

7.- ROGOS E PREGUNTAS

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa



Concello de Viveiro

levántase a sesión, sendo as 13:45 horas do día 31 de xullo de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretario Accidental, dou fe.